

Hoxe lembraremos algúns aspectos importantes do **adxectivo**:

- Indican a **calidade ou estado** do substantivo ó que acompañan.
- Algúns **fórmanse engadindo sufixos** a substantivos, adxectivos ou verbos.
Ex.: saúde + **-able** ⇒ saudable
azul + **-ado** ⇒ azulado
beber + **-ible** ⇒ bebible
Outros sufixos poden ser **-ento, -oso, -ivo e -udo**.
- **Poden ser:**
 - Invariables** (a mesma forma para masculino e feminino)
Ex.: Mesa **grande**. Libro **grande**.
 - Variables** (unha forma para masculino e outra para feminino)
Ex.: Rapaz **xeitoso**. Rapaza **xeitosa**.
- **Graos do adxectivo:**
 - Positivo**.
 - Comparativo de igualdade, superioridade ou inferioridade**.
 - Superlativo**.

Actividades:

- *Copia estes adxectivos no caderno e indica cales son invariables.*

alegre - intenso - mollado - frío - libre

- *Utilizando os seguintes sufixos, forma adxectivos coas palabras dadas.*

-oso -ible -able -ivo -ento

cobiza:

atraer:

admirar:

sangue:

discutir:

- Entra en [e-dixgal](#) no [tema 11 de Lingua Galega](#) e no [apartado 2](#) fai a interactiva nº 5. Lembra [gardala](#).

Se utilizaches o caderno, envíame unha fotografía, senón descarga o documento no ordenador e mándamo a mestrademate@gmail.com